



# CARANVEXO TV

*TELEVISIÓN ESCOLAR DE MOAÑA*



CONCELLO  
DE MOAÑA



## CENTROS TV

CEIP A GUÍA

CEIP DE ABELENDO

CEIP DE QUINTELA

CEIP DE REIBÓN

CEIP DE SEARA

CEIP DE TIRÁN

CEIP DOMAJO

E EI DE VERDUCEDO

E EI DO CON

IES A PARALAIA

IES AS BARRAS



# INTRODUCCIÓN

O Concello de Moaña puxo a andar a comezos do ano 2018 o proxecto **Caranvexo TV, a televisión escolar de Moaña** co propósito de desenvolver un recurso de innovación educativa pensado como un proxecto colectivo, participativo e transversal para contribuír na construción dun ámbito educativo moaños que vincule os diferentes centros educativos deste termo municipal. Este proxecto é sen ánimo de lucro e o acceso ao sitio web [www.caranvexo.gal](http://www.caranvexo.gal) é gratuíto.

A lingua de traballo e de comunicación desta plataforma é o galego co fin de dinamizar o seu uso oral. O alumnado, e o conxunto da comunidade educativa, ten á súa disposición unha ferramenta educativa na que pode elaborar un mundo propio na nosa lingua, que tamén potencie, coa produción de contidos, a creación de espazos de comunicación en galego.

## OBXECTIVOS XERAIS

- Aumentar a presenza da lingua galega nas novas tecnoloxías.
- Potenciar a produción de contidos en galego nas redes.
- Construír espazos de comunicación en galego.
- Fomentar entre o alumnado a oralidade en galego.
- Transmitir unha imaxe positiva da lingua galega.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Contribuír á construción dun ámbito educativo moaños en galego.
- Vincular os diferentes centros do noso concello a través da lingua.
- Ofrecerlles ao alumnado e ao profesorado un recurso educativo en galego.
- Animar o profesorado a que empregue o galego co seu alumnado.

## A QUEN VAI DIRIXIDO

Este proxecto está dirixido ao alumnado de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional dos centros educativos de Moaña, ao seu profesorado e as familias que forman parte desta comunidade educativa.



## ACCIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

1

### CURSO ESCOLAR 2017/2018

Organizouse o *Curso de iniciación á creación dun proxecto de TV escolar por Internet* co obxectivo de introducir ao profesorado na didáctica da creación e a xestión de recursos audiovisuais para xerar contidos en galego en internet.

2

### CURSO ESCOLAR 2018/2019

Créase **Caranvexo TV, televisión escolar de Moaña**: [www.caranvexo.gal](http://www.caranvexo.gal)  
Un caranguexo con corpo de televisor é o logotivo desta canle.  
Nace con catro categorías: *cultura, deportes, natureza e ciencia*.  
Cada centro escolar conta cunha clave de acceso e unha persoa responsable para publicar os vídeos que van elaborando durante o cursos e fortalecer o rol promotor e dinamizador do profesorado cara a lingua.

3

### CURSO ESCOLAR 2019/2020

Para darlle unha idea de programación propia e continua, engádese a categoría *xornal* con vídeos do **Caranvexornal**: o informativo do xoves no que cada centro educativo publica un vídeo segundo un calendario pechado no que difunde novas, actividades, entrevistas...  
Para darlle coherencia a cada gravación, deseñáronse fondos de pantalla e de sobremesa coa mascota do programa. A maiores, o profesorado da Escola de Música Municipal de Moaña compuxo a banda sonora de inicio de cada emisión.

4

### CURSO ESCOLAR 2020/2021

Detéctanse problemas de son na gravación dos vídeos, polo que desde o Concello mercamos: micrófonos, trípodes de sobremesa para os micros, alargadeiras de conexión entre o micro e o teléfono móbil e esponxas co deseño impreso da mascota do programa para envolver o micro e darlle a mesma imaxe aos vídeos emitidos.



5

## CURSO ESCOLAR 2021/2022

No ano 2021, coa pandemia, engadiuse a categoría *Poesía improvisada* para publicar os vídeos que elaborou o alumnado participante neste certame que non puido ser presencial, e a categoría *21 días en galego* para que o alumnado dos institutos publicasen os vídeos coas súas experiencias durante este reto de falar 21 días en galego.

6

## CURSO ESCOLAR 2022/2023

Seguimos cos informativos do Caranvexornal con vídeos publicados nos xoves desde xaneiro a maio de 2023. Os centros educativos teñen a súa disposición o resto das categorías para publicar vídeos cando queiran. Para darlle máis contido á web, acordamos elaborar un vídeo colaborativo dos 11 centros educativos de Moaña para promocionar o Correlingua de Moaña e animar a que haxa máis participación. Desenvolvemento: Cada centro educativo grava unha pequena intervención usando o micro do Caranvexo que recolle coa dereita, di o nome do colexio e un lema promocional do uso do galego (por exemplo: Desde o colexio de Quintela sentimos orgullo de usar o galego mentres xogamos no patio do recreo) e pasa o micro pola esquerda. O Concello fará a montaxe final.

## NECESIDADES E RECURSOS

- **O Concello:** Curso de formación para profesorado, creación e mantemento da web [www.caranvexo.gal](http://www.caranvexo.gal), vinilos en distinto formato, micrófonos, trípodes de sobremesa para os micrófons, alargadeiras de conexión entre o microfono e o teléfono móbil, esponxas rotuladas para os micrófonos e montaxe de vídeo promocional do Correlingua 2023.
- **Os centros educativos:** traballan cos seus propios medios e co material fornecido polo Concello. O alumnado é o protagonista de todo o proceso. Xunto co profesorado guionizan os informativos, gravan, entrevistan... O profesorado é o responsable de montar os vídeos e subilos á web coa clave de acceso.



# AVALIACIÓN

A valoración deste proxecto é moi positiva xa que se conseguiu que todos os centros educativos participen, desde infantil ata bacharelato e FP.

Xera interese nos centros porque o alumnado está esperando a que chegue o día da emisión para ver que están a facer noutros centros, polo que a web axuda a visibilizar o traballo que se desenvolve en todos os centros de educación de Moaña e a crear unha comunidade educativa en galego con contidos propios.

Xera interese entre as familias, moitas das cales están pendentes de que se emita a gravación do centro no que están escolarizados os seus fillos e fillas e isto axuda a transmitir unha imaxe positiva de todo o proceso.

O número de vídeos elaborados ata o momento é de 126. Por achegar algún dato estatístico, o número de visitas que tivo a web en 2022 foi de 59.788 con picos máis pronunciados cando se emite o Caranvexornal, pero tamén ten tráfico no resto do ano.